

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello do Porriño para a execución do proxecto denominado Sinalización horizontal e vertical en varias estradas do Concello do Porriño

## 1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo), que lle atribúe, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local.

## 2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello do Porriño un convenio para a execución do proxecto denominado Sinalización horizontal e vertical en varias estradas de titularidade do Concello do Porriño.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 0088 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando a prestación de servizos municipais

## 3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello do Porriño o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2022 .

## 4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello do Porriño para a execución do proxecto denominado **Erro Non se atopa a orixe da referencia.**

## 5. Fundamentos do convenio

O Concello do Porriño manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto denominado Sinalización horizontal e vertical en varias estradas do Concello do Porriño que ten como



obxecto a realización de traballos de pintado de liñas, bandas, cebreados e símbolos, así como a instalación das sinais verticais necesarias para garantir a seguridade en diversos viais do concello.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopan diversas estradas do concello, concretamente as estradas dos núcleos urbanos do Porriño e Torneiros e dos polígonos industriais da Granxa e as Gándaras, cuxa deficiente sinalización xunto co incremento do tráfico rodado nestas vías de comunicación está a afectar gravemente a seguridade vial.

O marcado carácter industrial deste concello, así coma a súa situación xeográfica, fan que este concello conte diariamente cun tráfico moi denso, circulando frecuentemente por estas vías tráfico pesado e transportes de mercadorías perigosas que incrementan o potencial risco de accidente e a eventual gravidade do mesmo.

Esta situación veuse agravada nos últimos meses como consecuencia de distintas circunstancias como a ampliación e instalación de novas empresas, restricións na circulación de tráfico pesado na N-550 e a desviación do mesmo cara a A-52, na saída da Risca, e diversas obras que se están a executar no concello, o que e provocou un importante incremento do número de accidentes rexistrados nos últimos meses en puntos negros destas estradas nos que é preciso reforzar a sinalización viaria. tal e como se pon de manifesto no informe do inspector xefe da policía local do Porriño de 7 de setembro de 2022.

A vista da situación descrita compre actuar de maneira urxente, realizando traballos de sinalización horizontal e vertical destas estradas.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Segunda e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello do Porriño de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello do Porriño

## 6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria xeral técnica, achegará a cantidade máxima de CENTO SETE MIL NOVECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS ( 107.992,50 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022. Este importe representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014,



con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

## 7. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E5, "Gobernanza"
- Prioridade de actuación PA01, "Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valora engadido á cidadanía, baseada na planificación e avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade."
- Obxectivo estratéxico E03, "Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión"
- Obxectivo operativo OO01, "Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes no conxunto da administración autonómica"
- Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, conséntase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2015 0088, é o P00076/Entidades beneficiadas, cun valor previsto de 3 entidades.

Estímase que, coa subscripción deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 1 entidade beneficiada, que se corresponde co Concello de Porriño, único destinatario da subvención instrumentada mediante o convenio que nos ocupa :

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00076/Entidades beneficiadas	5-PEG	3	1

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A secretaria xeral técnica

Elena Muñoz Fonteriz  
*Documento asinado dixitalmente á marxe*

